



ESCÁNDALO NA NÓMINA! Absorción do 1,25% de Convenio contra o CVP

Nin unha mínima explicación en Novidades Nómina, nin unha desculpa á plantilla polo atraso en aboar o 1,25% do Convenio. Ao contrario, conxelación salarial efectiva, ao compensar a suba certa sobre os nosos salarios de Convenio coa absorción polo mesmo importe contra o Complemento Voluntario Persoal.

Constatouse o feito sen que se comunicase oficialmente. A falta de sensibilidade de RRHH para coas persoas que formamos o equipo só pode cualificarse de escándalo. Non teñen estado á altura que merecemos os profesionais desta casa, os que facemos posible que "este sexa o momento de BBVA".

Pola contra, considerouse que, non tendo máis remedio que aboar o 1,25% do Convenio, valeríalles facer uso da discrecionalidade que lle permite o CVP para neutralizar a suba, confiando en que o farían sen a resposta axeitada, ou mesmo pasando desapercibida para unha parte do equipo que aínda non garda as súas Nóminas ou lle custa interpretalas, a pesar dos nosos "a túa nómina (como entendela) ".

No Convenio pactouse que o salario de 2010 non tivese incrementos en 2011 e 2012, polos equilibrios da negociación, precisamente pola cláusula de emprego, pero en 2013, como di o mesmo Convenio, toca xa revisión.

Todo isto, ademais, en rechamante contraste co novo programa de incentivos para as 2.200 persoas do Equipo Directivo, a aprobar na próxima Xunta Xeral, por 18,5 millóns de accións BBVA, uns 150 millóns de euros a cotización actual.

Estando onde estamos, COMFIA-CCOO BBVA cremos recoller o sentir da maioría do equipo, facendo de voceiro, ao:

- Esixir unha explicación**, por escrito, da Dirección sobre o atraso no aboamento do Convenio e os motivos en que fundamentan a conxelación salarial efectiva.
- Rexeitar a absorción do CVP**, a conxelación salarial, porque non se recoñece o esforzo do equipo nesta situación e non respecta o espírito do acordo do Convenio.
- Votar en contra** do novo programa de accións para o Equipo Directivo na Xunta Xeral, coas Delegacións de accións que estamos a recibir e as que nos enviedes.
- Formular unha recuperación alternativa** dos sacrificios salariais, mediante a apertura inmediata dunha negociación que revise, dunha vez, a achega ao Plan de Pensións para os colectivos de achega de 540,91 €.

Aportamos solucións, melloramos os teus dereitos.

Febreiro 2013

COMFIA **CCOO** BBVA sección sindical

Tel. 91 594 42 36 - Tel. 93 401 53 33 - bbvaccoo@comfia.ccoo.es

Portal Sindical en e-spacio - <http://www.comfia.net/bbva> - <http://www.comfia.info>

adherida á [unión network internacional](#)